

Bo día,

Mañá **3 de abril** a partir das **15 horas** recibiredes por **AbalarMobil** as **calificacións** da segunda avaliación.

O boletín en papel asinado polos titores e titoras deberá esperar a que a situación o permita.

Se algunha familia tivese problemas en ver as notas, que escriba á dirección de correo do colexio:

[ceip.asforcadas@edu.xunta.gal](mailto:ceip.asforcadas@edu.xunta.gal) ou que chame ao **881880929**.

Durante as vacacións non haberá máis tarefas escolares. Se recibides algo serán propostas non curriculares de carácter lúdico.

A partir do 11 de abril recibiremos da Consellería **instruccións** de como proceder coa **terceira avaliación**. Pero a inspección adiantou que o alumnado **non regresará de momento ás escolas**.

Tamén quero agradecer a celeridade con que onte moitas familias cubriron a enquisa sobre medios informáticos.

Deixo aquí o enlace para as que aínda non o fixestes:

[https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSep1fWLewN4oYVTyglmeAoqEVOVkXfjAs0WDRtIpXXI pGnDvA/viewform?usp=sf\\_link](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSep1fWLewN4oYVTyglmeAoqEVOVkXfjAs0WDRtIpXXI pGnDvA/viewform?usp=sf_link)

Moito ánimo e un afectuoso saúdo para todas as familias.

En Corme a 2 de abril de 2020

A dirección

Manuel N. Caridad López